

Por: Manuel Fajardo. "M. Chicolino"

SUPERSTICIÓN E COSTUMES DOS NOSOS ANTERGOS

A principios de século, a tendencia a crer no sobrenatural, o misterioso e o máxico era innato en tódolos pobos da comarca. Para contrarresta-los sortilexios, danos e perigos ocasionados por seres fantásticos, tales coma as meigas, realizábanse diversas "operacións", moitas delas de verdadeira imaxinación popular.

Coma amuletos para librarse da malquerencia ou contribuír á reposición da saúde, utilizábanse medallas, cruces, reliquias ou escapularios, sempre que estes obxectos foran autorizados e bendicidos pola Santa Madre Igrexa e utilizados con verdadeira fe e devoción.

Os remedios eran moitos e para tódolos gustos. Pasamos a resumir algúns deles.

Contra a envexa ou o mal de ollo, os cornos de xabaril e dos "escornabois", escaravello e os cordóns chamados de San Francisco.

Para ter boa sorte cravábase nas portas da casa, mirando ó camiño unha ferradura e no interior un evanxeo.

Para preserva-lo gando, entre os cornos do animal colocábase unha pequena bolsa con allo machucado, incenso e oliva bendita.

Para evitar hemorraxias axustábase ó redor da cintura, entre dúas teas finas, a camisa pel dunha cobra.

Para traer felicidade ó fogar mandábbase bendici-la casa o Domingo de Resurrección.

Contra o trono e para que a agonía do moribundo fose pracenteira acendíase unha vela do Santísimo Sacramento.

Para conserva-lo leite da muller recen parida e para que non se estragara o leite en xeral, críase eficaz o miolo do pan. Se o pan caía ó chan bicábase con devoción, mollándoo en leite e engadíndolle sal.

Os ouveos dos cans ou raposos preto da casa críase que eran sinal de malos agoiros e que, polo tanto, se achegaban grandes males.

Para evita-la dor de moas tíñanse que corta-las uñas tódolos luns. Ou facelo en días dos que o nome non ten "R" evitaba os padrastos e os unlleiros.

Para as xaquecas e outras molestias similares levábase un "ollo de boividal" (cuncha de mar) no peto.

O morre-lo dono dunha casa e antes de saca-lo cadáver para o Campo Santo, era costume saca-lo gando a pastar para liberalo do malefício.

Animais e plantas como superstición:

Unha andoriña traía sorte á casa onde aniñaba, porque segundo a lenda, aliviou os sufrimentos de Xesucristo no calvario arrincándolle con delicadeza as espiñas sa súa coroa.

Matar unha toupa coa man esquerda daba o poder de cura-los cólicos cunha soa fricción ó paciente.

A árbore de San Outel (cinamomo) tiña propiedades para cura-la rabia se se realizaba unha infusión coa súa tona.

O allo e a cebola eran amuletos contra a rabia que se combatía encerrando ó enfermo nun cuarto ata que os comera.

As silvas e as estrugas empregábanse nas úlcera e nas enfermidades do nariz, untándoas con graxas de porco sen sal. Para rebaixa-la forza do sangue tomábase o caldo das súas infusións.

Costumes peculiares dos más vellos:

Varrer de noite a casa para fóra era sinónimo de pobreza no futuro.

Contra as bruxas arrincábase un guizo da porta da casa e quemábase a media noite.

Cando un bebé nacía con síntomas de asfixia introducíaselle o peteiro dunha galiña no cenzo para que a ave, ó sentir que afogaba, soprara e dera vida ó recén.

Para axudar ás mulleres encinta cando un nacemento se atrasaba, colgábase á muller dunha viga e sacudíánselle as pernas.

Se se atopaba a tres curas xuntos nas rúas existía a crencia de que facendo un nó no pano da man se terían regalos.

Para saber se a pa estaba caída mediase cunha cinta dende o estómago ó espíñazo polos dous lados.

ACTIVIDADES "PineirÓns"

Agradecemento ó:

CONCELLO DE NOIA

